

REVISTA GALEGA DE HISTORIA

MUR
RGA
GUIA

www.revistamurgia.com

Dirección

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

Coordenación

Sara Carou García
Prudencio Viveiro Mogo

Secretaría editorial

Prudencio Viveiro Mogo

Consello editorial

Francisco Xosé Armas Quintá, Ana Cabana Iglesias, Sara Carou García, Roberto García Morís, Gustavo Hervella, Alberto Lago Villaverde e Xosé Carlos Macía Arce, Eulalia Simal Iglesias e Prudencio Viveiro Mogo.

Consello consultor externo

Fernando Acuña Castroviejo (1945-2016), Catedrático de Arqueoloxía,
Universidade de Santiago de Compostela.

Xusto Beramendi, Catedrático de Historia Contemporánea,
Universidade de Santiago de Compostela.

Pilar Cagiao Vila, Profesora Titular de Historia de América,
Universidade de Santiago de Compostela.

Silmara Cimbalista, Profesora Doutora en Ciencias Humanas,
Universidade Federal de Santa Catarina, Brasil.

Xosé Estévez Rodríguez, Profesor Titular de Historia Contemporánea,
Deustuko Unibertsitatea.

Lourenzo Fernández Prieto, Catedrático de Historia Contemporánea,
Universidade de Santiago de Compostela.

Jacobo García Álvarez, Profesor Titular de Xeografía Humana,
Universidad Carlos III de Madrid.

Álvaro Xosé López Mira, Profesor Titular de Ciencia Política e da Administración,
Universidade de Vigo.

Xerardo Pereiro Pérez, Profesor de Antropoloxía e investigador efectivo do CETRAD,
Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro -UTAD.

Pegerto Saavedra Fernández, Catedrático de Historia Moderna,
Universidade de Santiago de Compostela.

Carlos Velasco Souto, Profesor Titular de Historia Contemporánea,
Universidade da Coruña.

REVISTA GALEGA DE HISTORIA

MURGUIA

www.revistamurguia.com

Revisión lingüística**GALEGO**

Prudencio Viveiro Mogo

GALEGO-INGLÉS/INGLÉS-GALEGO

Eulalia Simal Iglesias

Maquetación

Martíño Cabana Otero

(Edicións da Curuxa)

Deseño base e impresión

Sacauntos Cooperativa

Publicidade e contacto

secretaria@revistamurguia.com

Distribución

Consortio Editorial Galego

Edita

Instituto Galego de Historia (IGALHIS)

www.revistamurguia.com

Recepción de orixinais e subscricións

Murguía, Revista Galega de Historia

Apartado de Correos 1010

15.706 Compostela (Galiza)

secretaria@revistamurguia.com

ISSN

1696-9197

Depósito Legal

C-1640-2003

Indexada en:

Murguía, Revista Galega de Historia garante a rigurosa lectura, análise e selección de artigos a partir de 'pares cegos'; con todo, non comparte necesariamente o contido dos textos asinados polos seus autores e/ou autoras. *Murguía, Revista Galega de Historia* sae do prelo nos meses de xuño e decembro.

Editorial

9

Fontes

O exilio galego en Franza e o nacemento do “Frente Libertador Gallego”

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

13

A Investigación

O Galeuza e o IX Congreso de Nacionalidades Europeas (1933)

Xosé Estévez

33

A Igrexa de Lugo e o Movemento Nacional

Adolfo de Abel Vilela

69

O mozo da bandeira. Unha historia de vida militante

Carlos Méixome

87

O entremés galego de Salvador Francisco Roel. Lectura histórica e trazos xenéricos

Xohán Xabier Baldomir Cabanas

123

A Entrevista

Josep Fontana

139

Lembranzas

Alfredo Brañas na súa obra ‘El Regionalismo’

155

Museos, Arquivos, Bibliotecas e Lugares

A Biblioteca da Universidade da Coruña entre 1998 e 2018

163

Lecturas

The Ancient Celts, Barry Cunliffe.

Fernando VII. Un rey deseado y detestado, Emilio La Parra.

Galicia no labirinto da nova política, Xoán Hermida González.

173

A Rede

Museo de Historia Natural da
Universidade de Santiago de Compostela
<http://www2.usc.es/museohn>

Museo Provincial de Lugo
<http://redemuseisticalugo.org/presentacion.asp?mat=2>
185

MUSEOS, ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E LUGARES



A BIBLIOTECA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA ENTRE 1998 E 2018

Este documento é a revisión dunha conferencia de 1999, baseada en datos de 1998, cuxo texto pode consultarse no repositorio ELIS¹; e ofrécese ademais un anexo con datos de 2004. O estudo limítase a actualizar os datos ofrecidos hai 20 anos cos que atopamos nas últimas estatísticas de REBIUN e cos datos propios da Universidade da Coruña.

No texto de 1998 sinalábase a evolución das bibliotecas universitarias como marcada por tres etapas, seguindo o esquema descrito por Lluís Anglada en varias publicacións. Unha primeira “De las bibliotecas de la Universidad a la biblioteca de la Universidad” comezada tras a LRU e o desenvolvemento normativo nos oitenta; unha segunda “De la biblioteca de la Universidad al sistema bibliotecario de la Universidad”, marcada pola automatización; e outra terceira, futura en 1998 e actual en 2018, consistiría na substitución dun sistema bibliotecario a un servizo complementario á docencia e á investigación. Sirva este traballo para actualizar os datos logo de dúas décadas, quedando para outra ocasión a tarefa de estudar a posta en funcionamento desta terceira fase.

Grandes cambios

En 1998 falábase de tres factores de cambio nas bibliotecas universitarias: o gran aumento do número de universidades, os cambios na xestión e os novos estatutos de que se han ir dotando as universidades nestas últimas décadas.

En España foi medrando o número de universidades nas últimas décadas. Había 12 universidades antes da Guerra Civil, tan só 32 universidades en 1980, 50 en 1996 e xa 63 a comezos do ano 2000: delas 53 públicas e 10 privadas; ao ano seguinte xa contamos con 66 universidades, en 2002 son xa 68. Na actualidade cóntase con centros universitarios en case todas as poboacións de máis de 50.000 habitantes, en cuxos campus se imparten centos de titulacións diferentes e estudan máis dun millón e medio de alumnos.

¹ <http://eprints.rclis.org/33790/>

En 2018 este crecemento estancouse no referido ás universidades públicas; non así nas privadas, das que temos na actualidade 32 universidades, fronte ás 52 públicas. Non todas pertencen á rede de bibliotecas universitarias. Esta rede, REBIUN, está formada polas bibliotecas das 76 universidades membros da CRUE (50 de ámbito universitario público e 26 de ámbito universitario privado).

O crecemento do número de institucións universitarias foi en paralelo co incremento nos fondos bibliográficos. En 1980 tiñamos 6.000.000 de libros e folletos nas universidades españolas, que pasaron a ser en 1996 un total de 21.000.000 volumes pertencentes a 51 universidades. En 2018 os datos son os seguintes, segundo as estatísticas de REBIUN:

Na rede de bibliotecas dispónse dun total de 31.425.440 títulos de monografías en papel. Deste total, máis de dous millóns -2.087.000-, pertence ás bibliotecas universitarias galegas, o que supón case o 7% daqueles títulos están en Galicia. Nas bibliotecas universitarias galegas dáse a seguinte distribución: UDC, 481.000; UVigo, 483.000; USC, 1.114.000. En canto a volumes, a rede dá conta dun total de 42.341.159 ítems de monografías en papel informatizados. O 5% destes volumes atópase en Galicia, o que supoñen 2.885.000 libros, con este reparto: UDC, 862.156; UVigo, 621.100; USC, 1.400.631.

Estas cifras de libros vense aumentadas se contamos ademais coas obras electrónicas, pois sumando as monografías electrónicas temos un total de 54 millóns de libros.

Automatización

En 1998 60 bibliotecas xa tiñan automatizados a maior parte dos seus procesos, un gran avance pois no ano 1985 só había 8 bibliotecas automatizadas, nalgúns casos con programas propios das facultades de informática.

En 2018 todas as bibliotecas universitarias traballan con sistemas de xestión automatizada, programas que foron incorporando todos os procesos, pasando xa varias universidades por diferentes programas informáticos, e traballando moitas con ferramentas de última xeración. Son as chamadas ferramentas de descubrimento (Web scale discovery tools). Na UDC traballouse con tres sistemas: SABINI; VTLS e Millenium de Innovative; na actualidade realizáronse estudos para implementar o sistema de xestión, que inclúe unha ferramenta de descubrimento WorldCat de OCLC, Sierra de Innovative e Alma de ExLibris.



Incremento do fondo

En 1998 as Universidades españolas ingresaron 829.637 novas monografías, en tanto que en Galicia adquiríronse 98.007 novas monografías, coa seguinte distribución: UDC 38.692, USC 37.881, UVigo 21.434. Case o 11% das novas monografías que ingresaron nas bibliotecas universitarias españolas durante 1998 corresponden ás bibliotecas galegas.

Biblioteca Universitaria

A misión da Biblioteca é dar soporte á docencia, á aprendizaxe, á investigación e á formación integral do seu estudiantado e profesorado en particular, e de todas as persoas en xeral. Para isto facilita o acceso e a difusión dos recursos de información, xestiona espazos, equipamentos e servizos, e colabora nos procesos de transformar a información en coñecemento.

Os 101 bibliotecarios da BUDC atenden a 23.664 usuarios desde 17 puntos de servizo. Integran a colección da Biblioteca 862.156 libros, 111.474 ebooks e 51.238 documentos noutros formatos, como mapas, microformas, DVD, etc. [Ler máis...](#)



Xestións en liña

[Contacta coa biblioteca](#)

[Inscripción nos cursos de formación para persoas usuarias da biblioteca](#)

[Solicitude de adquisicións](#)

[Petición dunha procura bibliográfica](#)

[Solicitar o carné de usuario externo](#)

[Préstamo interbibliotecario: acceso](#)

Usuarios

[Axuda web](#)

[Preguntas frecuentes](#)

[Guías e tutoriais](#)

[Fiador](#)

[Infoguías](#)

[Acceso á web da Biblioteca da Universidade da Coruña](#)

Cos datos de 2018, o total de títulos informatizados no ano 2017 nas bibliotecas universitarias foi de 2.029.649. En Galicia entraron nese ano 120.336 novos títulos, coa seguinte distribución: UDC, 85.794; UVigo 11.261; USC, 23.101. Case o 6 % das novas monografías que ingresaron nas bibliotecas universitarias españolas corresponden a ingresos nas bibliotecas galegas; pero habemos de dicir que isto vén ser a metade do que se correspondía no anterior informe de 1998.

O desglose dos datos de 2018 é o seguinte:

Monografías

- Títulos de monografías en papel:

España, 31.425.440; Galicia, 2.087.000; UDC, 481.000; UVigo, 483.000, USC, 1.114.000.

- Ítems de monografías en papel informatizados.

España, 42.341.159; Galicia, 2.885.000; UDC, 862.156; UVigo, 621.100; USC, 1.400.631.

Seriadas

- Títulos de publicacións periódicas (vivas + mortas)
España 3.368.110; Galicia, 123.264; UDC, 36.562; UVigo, 30.727; USC, 55.975.
- Títulos de publicacións periódicas vivas (compra+ donativo+ electrónicas)
España, 2.737.919; Galicia, 65.641; UDC, 28.695; UVigo, 21.359; USC, 15.587.
- Títulos de publicacións periódicas en papel ingresadas por compra
España, 42.793; Galicia, 3.014; UDC, 900; UVigo, 1.469; USC, 645
- Títulos de publicacións periódicas en papel ingresadas por donativo ou intercambio.
España, 67.403; Galicia, 3.170; UDC, 507; UVigo, 880; USC, 1.783
- Publicacións periódicas electrónicas de pago
España, 2.627.723; Galicia, 59.457; UDC, 27.288; UVigo, 19.010; USC, 13.159.
- Títulos de publicacións periódicas mortas.
España, 630.191; Galicia, 57.623; UDC, 7.867; UVigo, 9.368; USC, 40.388.

Datos 2017

- Títulos de monografías (compra+ donativo+ electrónicas)
España, 13.844.370; Galicia, 345.055; UDC 124.354; UVigo, 150.468; USC, 70.233.
- Monografías. Por compra.
España, 423.630; Galicia, 23.947; UDC 9.738; UVigo, 6.402; USC, 7.807.
- Monografías. Por donativo ou intercambio.
España, 380.869; Galicia, 15.020; UDC 3.142; UVigo, 3.639; USC, 8.239.
- Monografías electrónicas de pago
España, 13.039.871; Galicia, 306.088; UDC 111.474; UVigo, 140.427; USC, 54.187.

Orzamento

En 1998 as universidades dispuxeron de 9 mil millóns de pesetas -55 millóns de euros- para a compra de material bibliográfico. En Galicia invetéronse preto de 1.200 millóns de pesetas -7.210.000 de euros- (UDC 361 millóns, USC, 516 millóns, UVigo 260 millóns).

Vemos que case o 13 % do gasto en material bibliográfico feito polas bibliotecas universitarias corresponde ás universidades galegas.


Segundo REBIUN, en 2018 as universidades españolas investiron 111.670.262 euros, dos que corresponden a Galicia 7.045.740, o que representa que o 6.30% do gasto fíxose en Galicia, a metade que en 1998, aínda que repetimos que isto vén ser a metade do que se correspondía no anterior informe de 1998. O gasto total da UDC é de 2.187.331 euros.

En 2018 o desglose do gasto é o seguinte:

- Gasto dedicado á compra de monografías en papel:
España, 13.562.000; Galicia, 1.000.000; UDC, 362.000; UVigo, 273.000; USC, 365.000.
- Gasto dedicado á compra de audiovisual e material non librario:
España, 190.632; Galicia, 10.273; UDC, 8.133; UVigo, 0; USC, 2140.
- Gasto dedicado á subscrición de publicacións periódicas en papel:
España, 8.965.709; Galicia, 618.841; UDC, 158.597; UVigo, 302.720; USC, 157.524.
- Gasto dedicado a monografías electrónicas de pago.
España, 6.695.876; Galicia, 120.823; UDC, 61.617; UVigo, 43.199; USC, 16.007.
- Gasto dedicado a publicacións periódicas electrónicas de pago:
España, 63.471.000; Galicia, 4.768.768; UDC, 1.412.219; UVigo, 1.442.179; USC, 1.914.298.
- Gasto dedicado a bases de datos de pago:
España, 25.785.045; Galicia, 527.035; UDC, 184.765; UVigo, 214.152; USC, 128.118.



OPAC da UDC en 1998



OPAC da UDC en 2018

Persoal

A USC inicia nos 80 o proceso de centralización que permitirá pasar dun conxunto de bibliotecas dispersas a unha rede de bibliotecas semicentralizada cunha Biblioteca Xeral e bibliotecas de centros, departamentos e intercentros. As accións da dirección para acadar isto foron a dotación de persoal, a aprobación dun regulamento e a centralización dalgúns procesos.



Outro detalle da web da Biblioteca da Universidade da Coruña.

Evolución da biblioteca da USC:

No ano 1979 créanse 8 prazas e en 1980 temos 27 persoas en persoal, segundo os datos do Informe de 1985: facultativos (2 Biblioteca Xeral e 1 nunha biblioteca de Centro), 1 axudante (na Biblioteca Xeral), 8 auxiliares (5 na Biblioteca Xeral e 3 en bibliotecas de Centros); ademais cóntase con 5 docentes (1 Biblioteca Xeral, 4 en bibliotecas departamentais) e con 13 contratados. En 1985 mellórase a RPT e dótase á USC dun persoal estable coa convocatoria de 40 prazas de axudantes de biblioteca en 1986, oposición que se resolve en 1987. A dotación de persoal supuxo que todas as bibliotecas da Universidade de Santiago tivesen como director a un técnico.

Evolución da biblioteca da UDC:

A situación en 1990 era a seguinte: logo da formación da UDC, atopámonos cunha biblioteca que conta cun escaso fondo de 30.000 libros e 2.000 publicacións periódicas. A biblioteca recibiu un gran impulso económico nos seus primeiros anos, polo que pasa dun orzamento de 13.000.000 en 1989 a un de 157.000.000 ao ano seguinte. Estas bibliotecas estaban, e seguiron, atendidas por sete técnicos. Tras uns anos de contratacións aleatorias, convocáronse oposicións para cubrir 28 prazas de axudante de biblioteca en 1996. Con iso a situación na biblioteca da UDC mellorou pois pasou a contar con 40 axudantes de biblioteca e 36 auxiliares. Os datos de persoal en 2018 son os seguintes: a Biblioteca da UDC conta con 102 traballadores: 59 bibliotecarios, 42 auxiliares de biblioteca e 1 persoal administrativo. Na Biblioteca da USC os seus 186 membros están repartidos da seguinte forma: 72 bibliotecarios, 104 auxiliares de biblioteca e 10 administrativos. Para rematar, a Biblioteca da UVigo conta con 100 traballadores, dos que 37 son bibliotecarios, 60 auxiliares de biblioteca e 3 administrativos.

A BIBLIOTECA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) EN 2004

O aumento no número de universidades e de campus, de centros e titulacións, pero sobre todo de estudantes, foi en paralelo cun incremento nos fondos. Deste xeito, pasouse dos seis millóns de libros e folletos que formaban a colección das universidades españolas de 1980 aos trinta millóns de volumes de 2001, e aos 32 millóns de volumes dos que nos fala o último Anuario de REBIUN 2002.

O acceso a todos estes fondos fíxose posible grazas ao catálogo colectivo da rede de BUE, dispoñible na rede. Segundo o anuario estatístico de REBIUN do ano 1997, nese ano había nove millóns de rexistros bibliográficos informatizados nos catálogos de 45 universidades, case a metade dun total de 21.000.000 volumes pertencentes a 51 universidades.

A estatística de 2002 dáunos un total de 32 millóns de volumes nas bibliotecas universitarias españolas. Neste total contamos con: 24 millóns de volumes informatizados correspondentes a 16.960.000 títulos informatizados no catálogo.

Incremento do fondo

Nas Universidades españolas pasamos dun incremento anual de 852.994 monografías en 1994 a 1.268.928 monografías incorporadas no ano 2000; cunha variación dun 50% entre 1994-2000. O Anuario do 2002 dinos que ingresaron nese ano 1.500.000 monografías nas universidades españolas. Das obras ingresadas no 2002 un millón de monografías ingresaron por compra e medio millón por intercambio e doazón.

En Galicia ingresaron 98.007 volumes en 1997 coa seguinte distribución: UDC 38.692, USC 37.881, UVigo 21.434, case o 11 % do total de volumes de ingreso anual das bibliotecas de REBIUN corresponden ás bibliotecas galegas. En canto aos datos do 2002, neste ano ingresaron en Galicia 102.000 monografías coa seguinte distribución: UDC 41.594 (dun total de 510.000), USC 30.608 (dun total de 1.024.000), UVigo 30.662 (dun total de 314.000). O total das bibliotecas universitarias galegas é de 1.850.000 monografías.

Orzamento

En España: pasamos dos 5.700.000 millóns de gasto anual do ano 1994 aos 13.500 millóns no ano 2000.

Os datos de REBIUN 2002 son: 30.741.000 en monografías, 56.602.000 en revistas, 8.240.000 en bases de datos, 1.830.000 noutros recursos e 14.332.000 en información electrónica.

En Galicia durante 1997 o orzamento para material bibliográfico era de preto de mil douscentos millóns, coa seguinte distribución: UDC 361 millóns, USC, 516 millóns, UVigo, 260 millóns. No ano 2002 o gasto destinado a compras na UDC foi de 2.761.000 euros en total: 1.382.000 en monografías, 1.198.000 en revistas, 142.000 en bases de datos e 39.000 noutros materiais.

PEDRO INCIO